

A AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE LEMBRA A NECESIDADE DE DOAR SANGUE NAS XORNADAS PREVIAS Á PONTE FESTIVA DE MAIO

- ***A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue pon o teléfono gratuito 900 100 828 , recomenda a cita previa, e informa onde participar***

Santiago de Compostela, martes 11 de maio de 2021.- A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), fai un chamamento xeneralizado á participación da cidadanía e, moi especialmente, aos doantes dos grupos sanguíneos A Positivo e A Negativo. As xornadas festivas soen coincidir cun incremento das urxencias, polo que resulta preciso reactivar o permanente chamamento á doazón que fai ADOS os 365 días do ano. Cómpre lembrar que os hospitais galegos precisan unha media de 500 doazóns diarias para levar a cabo axeitadamente o seu labor asistencial.

ADOS convida aos cidadáns a amosar o seu carácter xeneroso e solidario debido a que o aumento na demanda de compoñentes sanguíneos e a coincidencia de datas festivas nestas semanas repercute nos niveis de reservas dos distintos grupos sanguíneos por mor, ademais, do incremento da actividade asistencial hospitalaria e dos transplantes de órganos.

Facilitar a participación

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue agarda, unha vez máis, contar coa activa participación dos cidadáns nas campañas de doazón de sangue e, para iso, ofrecerá as máximas facilidades para doar, mediante o desprazamento de dez unidades móbiles que efectuarán as seguintes visitas:

DATA	CONCELLOS
Mércores 12 de maio	Betanzos, Barrio dos Mallos e Zona Monelos-Castrillón (A Coruña), Praza Roja (Santiago), Cacheiras (Teo), Ronda das Fontiñas (Lugo), A Fonsagrada, Allariz, O Rosal, Sanxenxo e Santa María de Oia.
Xoves 13 de maio	Betanzos, Bergondo, Porto do Son, Santa Cruz de Oleiros, Santa Cruz de Ribadulla (Vedra), Ribadeo, Rúa do Paseo (Ourense), Nigrán, Barrio de Teis (Vigo) e Vilagarcía de Arousa.
Venres 14 de maio	Carballo, Barrio de Labañou (A Coruña), Noia, Pontedeume, Porto do Son, Barrio A Milagrosa e Praza Horta do Seminario (Lugo), Xinzo de Limia, Moaña, Chapela (Redondela) e Vilagarcía de Arousa
Sábado 15 de maio	Carballo, Noia, Pontedeume, Xinzo de Limia e Moaña

Ademais, ADOS lembra á cidadanía que tamén existe a posibilidade de doar sangue nos locais de doazón existentes nos principais centros hospitalarios das sete grandes cidades galegas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

LUGAR	HORARIO
COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO (Santiago)	Luns a venres das 8.00 ás 22.00 horas Sábados das 8.00 ás 15.00 horas
COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA (A Coruña)	Luns a venres das 8.00 ás 22.00 horas Sábados das 8.00 ás 15.00 horas
HOSPITAL ARQUITECTO MARCIDE (Ferrol)	Luns de 15:00 a 22.00 horas Martes, mércores e xoves das 8.00 ás 15.00 horas Venres das 08.00 ás 22.00 horas
HOSPITAL LUCUS AUGUSTI (Lugo)	Luns e venres das 15.00 ás 22.00 horas Martes, mércores e xoves das 08.00 ás 15.00 horas
COMPLEXO HOSPITALARIO DE OURENSE (Ourense)	Luns das 08.00 ás 22.00 horas Martes, mércores e xoves das 08.00 ás 15.00 horas Venres das 15.00 ás 22.00 horas
HOSPITAL PROVINCIAL (Pontevedra)	Luns, martes, xoves e venres das 08.00 ás 15.00 horas Mércores 15.00 as 22.00 horas
HOSPITAL NICOLÁS PEÑA (Vigo)	Luns a venres das 8.00 ás 22.00 horas Sábados das 8.00 ás 15.00 horas

Doar: moi sinxelo

Pode doar sangue calquera persoa de máis de 18 anos, que pese máis de 50 quilos e que non padeza nin teña padecido enfermidades transmisibles polo sangue (VIH, hepatitis B ou C,...). A doazón de sangue é un acto sinxelo que permite a moitas persoas solucionar o seu problema de saúde e, mesmo, salvar a súa vida.

Para máis información, a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue dispón da páxina web: ados.sergas.gal, ás páxinas de ADOS en redes sociais e tamén é posible chamar ao teléfono gratuito para resolver calquera dúbida relacionada coa doazón de sangue ou coñecer a data dos desprazamentos das unidades móbiles: **900 100 828**. Neste número de teléfono tamén é posible solicitar cita previa para doar sangue.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE